



IRENE LOMBARDEO

**ESTUDANTE, NAI E ESCRITORA
NOVEL**

“Sempre quixen ser nai xove, pero nunca pensei en selo con 21 anos”.

“Meu pai educoume como un verdadeiro feminista”.

Nacín na Coruña e levo vivindo no barrio do Ventorrillo toda a vida, pero teño o meu corazón dividido entre A Coruña e o Concello de Mañón. Meu pai naceu nunha aldeíña moi preto do Barqueiro e, para min, ten unha maxia especial. Pasei moitos veráns alí e medrei rodeada de verde e tranquilidade.

Sempre quixen ser nai xove, pero nunca pensei selo con 21 anos. Cando quedei embarazada cursaba segundo de carreira en Santiago de Compostela, estudaba Historia da Arte e tiña claro o meu futuro, rematar a carreira, preparar as probas da Garda Civil e tentar entrar dentro da brigada de obras de arte roubadas. É moi probable que ninguén máis tivese esa idea, pero a min parecía increíble.

En novembro de 2013 cambiou a miña vida. Eu tomaba a píldora pero quedei embarazada igualmente. Sinceramente non sei como o souben, foi un presentimento. Algo en min cambiara. Ía de fin de semana co meu mozo daquel entón e, antes de coller o bus para ir á súa casa, parei na farmacia e comprei un test. Foron os minutos mais longos da miña vida e, cando mirei o resultado, era positivo.

Sorprendinme, pero no fondo sabía que sería positivo. Díxenllo ao meu mozo e ambos estivemos de acordo en que non era o momento, eramos moi novos. Ao día seguinte tiveron que ir a urxencias por unha dor terríbel na barriga e, de primeiras, os médicos non me creron.

Finalmente fixéronme unha ecografía e alí coñecín a Juan. Era do tamaño dunha lentella e o seu corazón latía a toda velocidade. Boteime a chorar e díxenlle á doutora: sexa como sexa, seguirei adiante.

O domingo cando cheguei á casa de meus pais foi todo un caos. Eu estaba embarazada de mes e medio e até que chegou o tempo límite para abortar tentaron convencerme. Foi un embarazo moi complicado, dinme conta que a relación que mantiña co pai do neno era moi tóxica e non tiveron valor para deixalo. Entendín a razón pola que meus pais non querían que tivese o bebé, non era o embarazo, era con quen. Pero aínda así, seguín.

Seguía estudando pola semana e as fins de semana ía á casa do meu mozo. Foi un embarazo duro e moi cansado porque tiña que estudar e intentar sacar todas as materias, pero ao tempo sentíame súper forte vendo medrar a tripa.

O día que din a luz acompañáronme meus pais, miña irmá e o meu mozo. Foi moi rápido todo, Juan naceu san. Co tempo, rematei a relación co pai de Juan e volvíñ á casa dos meus pais.

Rematei segundo de carreira, pero tiveron que deixala para buscar traballo e darlle a mellor vida posible ao meu neno. Foi todo pouco a pouco. Varios traballos, mercar un coche de segunda man e finalmente, cando me fixeron fixa no traballo, independizarme.

Na actualidade volvín retomar a carreira, desta volta pola UNED. Prometinlle a meu pai que remataría os estudos, polo que vou collendo materias soltas para cumprir a promesa. Xa non teño a mesma idea que hai anos, só rematar e logo xa se verá. Quero desfrutar estudándoa e, sobre todo, desfrutar de como vai medrando Juan.

“Meu pai educoume como un verdadeiro feminista”.

A xente por norma xeral, cando lle preguntan a quen lle gustaría parecerse, din que a algún famoso. Sen embargo, a min dáme moito orgullo dicir que sempre quixen ser coma meu pai.

Cando nacín, o clásico rol no que o pai traballa e a nai está na casa, estaba cambiado. Os primeiros anos foi meu pai quen estivo comigo. Para min foi o máis natural, nunca entendín a razón dos homes dicir que tiñan que ser as mulleres as que fixeran as tarefas do fogar. A maiores, a meu pai sempre lle gustou ler, contrastar información e aprender. A imaxe de velo ler o xornal pola mañá, ver as noticias ao mediodía e querer saber o que se agochaba detrás do que lera, parecíame increíble. Cría que na súa cabeza collía toda a información do mundo.

Del aprendín que tiña que armar as miñas ideas e ter argumentos para poder expoñelas e defendelas ante calquera.

Meu pai traballou case toda a vida na fábrica de armas da Coruña, mais ensinoume que había que evitar os conflitos e tentar resolvelos falando. Vino en varias manifestacións contra a privatización da fábrica e mesmo acompañeino na última gran loita sindical, na que 52 traballadores se pecharon para defender os seus dereitos laborais.

Loitou sempre pola igualdade de oportunidades e condenou as inxustizas que tiñan que ver coa discriminación de raza ou relixión. A día de hoxe, ségueme sorprendendo e continuo día a día aprendendo del.

